

ACHADOS E NON CONFORMIDADES



1. Presenza de animais cun grao de sucidade que supoña un risco de contaminación dos canais. Anexo I Limpeza Bovinos
2. As marcas de identificación dos animais non se axustan á lexislación.
3. Non existe concordancia entre os documentos de acompañamento (DIB, documentación de movemento pecuario e ICA) e as marcas de identificación dos animais.
4. Presenza de animais con enfermidades que poidan supoñer un risco para a saúde humana ou animal, cunha enfermidade transmisible ou que presenten, en xeral, signos de enfermidade sistémica ou emaciación.
5. Presenza de animais procedentes de explotacións ou zonas suxeitas a restrición de movemento sen a autorización correspondente.
6. Sospeita da presenza de residuos por non respectarse o prazo de supresión de tratamentos administrados ou ben sospeita de tratamentos con medicamentos veterinarios ou substancias prohibidas.
7. Presenza de animais non aptos para o transporte.
8. Non se cumpren os requisitos de benestar durante a descarga e a estabulación.
 - Arrastrar a un animal que está en decúbito sen atordalo.
 - Estabulación dun número de animais superior á capacidade das cortes.
 - Uso de arreador eléctrico (pica) sen cumprir a normativa.
 - Golpear aos animais, levantalos polo rabo ou polas orellas,...
 - Non separar aos animais con dificultades de movemento (coxeiras evidentes)

En porcino é frecuente a presenza de:

- **caudofaxia**. En caso de detectarse procederáse a comunicar esta incidencia de benestar animal pola vías de comunicación xa establecidas. Acta na que se reflicta a incidencia en benestar animal, e comunicación ao Departamento Territorial a través da xefatura de zona.

NOTA. Estase elaborando unha PNT de caudofaxia na AESAN, unha vez finalizada, introducirase na Guía.

- estrés térmico

9. Que o operador económico do matadoiro non detectara ou non comunicara ao SVO calquera dos incumprimentos antes mencionados.
10. Presenza de animais mortos. Se existen signos de inaptitude para o transporte procederáse a redactar acta e comunicarse a Xefatura de Zona.